



NOVAS DRAMATURXIAS

Belbel: 'CARICIAS'

NOTAS DE DIRECCIÓN

DOSSIER

Todo estaba disposto para dar forma e sentido a este espectáculo tan estimulante. Naceu o 16 de outubro de 2004 no Teatro Principal de Ourense. Xa escoitamos a súa polifonía e vimos o seu corpo. O deseño do espectáculo presentouse non só como un xermolo, senón como unha criatura que pode ser para todos e todas nós **unha das paisaxes máis fortes e conmovedoras da nosa traxectoria.**

Contamos, con paixón, a historia de dez personaxes anónimos, pero recoñecibles, que viven ao noso redor cada día.

Continuamos nunha liña de **teatro contemporáneo** xogando con variacións sobre as MIRADAS.

O paso pola mutación de formas abre portas moi estimulantes para darlle á representación esa **«emoción pura descarnada»** no marco dunha estética que permita materializar SITUACIÓNS ao límite da existencia.





Polo tanto, a escenografía, o vestuario, a luz, a maquillaxe, a interpretación... como **elementos visuais** importantísimos nesta posta en escena, harmonizan moi coordinadamente co fin de crear o estilo axeitado para levar adiante esta estrutura extraordinaria. Todos os elementos visuais e auditivos contribúen a facilitar a **comunicación** do mundo máis íntimo co mundo exterior. Nesta obra coexisten realidade e memoria intercomunicados en distintas esferas.

Sentido e forma tratados con atrevemento, para renovar os mitos e darlle forza ao constante dilema do teatro e da vida.

A descrición física dos actores-trices (xestual, mímica, maquillaxe; cambios na súa aparencia). Ocupan o **centro** da posta en escena e o resto da representación ten que xirar ao seu redor.

Kinestesia. Discuten **estilizadamente**. A voz e o ouvido teñen moita utilidade cando son mentirás. Diante do andazo debuxan no seu rostro os sinais todos do terror absoluto, e despois xorde o berro inevitable.

Relación entre o actor e o **grupo**: desprazamentos, relacións xerais, traxectoria. Hai un traballo feito ao límite, sempre esperando pisar a liña invisible que separa a vida da morte. Seres humanos de todos os

talantes, procedencias e maneiras de ser en cuestión de humor e temperamento.

En total coordinación coa **dramaturxia** do texto literario, farase un estudo minucioso de cada secuencia con observacións actanciais, formais e temáticas; con guións xestuais para que cada actor-triz poida construír o seu personaxe en función dunha maneira de interpretar de doada comunicación cos espectadores. Necesitaranse efectos vocais e mímicos variados. *Así é o mundo, ten a verdade moitas veces que disfrazarse de mentira para acadar os seus fins...*

A interxestualidade entre os personaxes será unha das claves do fío condutor da obra. O **ritmo** dos discursos tamén terá unha importancia relevante.. Outro dos trazos predominantes ten que ser a sutileza e o cambio de rexistro áxil, os **matices**. Producción de efectos cribles e reais...

O texto e o **corpo** en estreita relación.

CADA OBRA PIDE. Esta pide que xogamos cos personaxes variando a ilusión de persoa. Xogamos co tempo paradoxal. Isto lévanos a unha estética e a un xogo. Interéanos enlazar secuencias dinámicas. Romper o ritmo narrativo, **non hai trama**, e enfatizar os xiros dándolle especial importancia á construción do sentido. Traballar moito



as **reaccións** e as relacións cos outros personaxes deste universo ficcional fascinante. Trátase de que a forma e o fondo esvaren suavemente por toda a representación. Os actores e actrices terán que construír personaxes achegados á realidade cotiá. Os desprazamentos terán que ser moi medidos, como os dunha engrenaxe de reloxo. A expresividade do corpo e dos xestos moi economizadas. Esixirá moito control do corpo e da voz.

Voz: calidades necesarias para proseguir o «ciclo eterno das inexplicables dores e ledicias humanas», efectos producidos, relación coa dicción; demóstrase así, unha vez máis, que as aparencias enganar, e que non é polo aspecto da cara nin pola presteza do corpo polo que se coñece a forza do corazón. Estatuto dos actores: traxectorias, situación profesionais... XOGO DOS ACTORES.

Manter un **elenco** actoral equilibrado e cun formidable nivel de comunicación —Fina Calleja, Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seijo, Josito Porto, Tito Asorey e Nate Borrajo— é unha das claves esenciais para que o proxecto vaia adiante. Todos eles creadores e capaces de traducir a emoción en accións físicas. Para iso procuraremos codificar os contidos emocionais, pois, como diría Vitez, o actor-triz é *un poeta que escribe sobre a area [...]. Como un escritor, extrae de si mesmo, da súa memoria, a materia da súa arte; compón un relato segundo o personaxe ficticio proposto polo texto. Mestre dun xogo de enganos, engade e suprime, ofrece e quita; esculpe no aire o seu corpo movedizo e a súa voz cambiante. Animalizacións: «se non somos quen de vivir enteiramente como persoas, fagamos o posible para non vivir enteiramente como irracionais».*

ESPAZO ESCÉNICO

Estética: Hai dez espazos diferentes, correspondentes aos dez cadros dos que consta a obra (unha sala de estar; un asilo; un parque; unha rúa; un baño; unha estación; unha cocina; unha bufarda; un comedor...). O ritmo esixe cambios áxiles e rápidos. Tamén reservamos un espazo á memoria e outro á esperanza.

Forma: Necesitabamos percorrer a cotidianeidade. Cun ciclorama que permite proxectar diapositivas, imaxes en súper oito, sombras chinesas, noite, día, obxectos... e dous elementos escenográficos propostos polo noso escenógrafo e iluminador Suso Díaz, habitamos os espazos con limpeza e expresividade.

O equilibrio entre os fondos e as formas vén sendo un camiño de exploración intensa na nosa Compañía. Adoitamos traballar cos elementos esenciais e imprescindibles na espacialización; construír moitos espazos con espazos practicamente baleiros. Ás veces os universos recreados son metáforas, de cando en vez contextos; nesta ocasión vai predominar a natureza minimalista.

Estilo: Buscáronse os contrastes e a estilización.

O DRAMA

O espectador/a coñecerá unha experiencia imaxinativa única. Nun punto onde se entretecen teatro e vida, obríganos a parar, abrir os ollos e ver. Recuperar a lucidez e rescatar o afecto son dúas propostas fundamentais dunha obra que é, tamén, unha reflexión sobre a ética do amor.

Dirixido a **público** urbano e rural. A linguaxe directa e cotiá permite unha recepción sinxela e unha comunicación fluída cos espectadores. A idade re-



comendable, debido ás escenas máis fortes, é para maiores de 13 anos.

Poñemos de relevo a retranscra mesturada coa **crónica** do sufrimento.

Todos os **personaxes** teñen en común: a súa soidade, marxinalidade, violencia, incapacidade de comunicación, afectos quebrados, necesidade de tenrura, frustración; pasados que os perseguen, desorientación, doenza... «Semella unha parábola... o corazón que se nega a recoñecer a súa propia mentira».

Elíxese un referente contemporáneo. Esta historia de **máscaras interiores** pode acontecer HOJE en calquera país do mundo occidental.

Equilibrase o visual e o auditivo. Os personaxes van baixando todos os banzos da indignidade ata a abxección. Trátase de mirar aos **ollos** para ver a alma.

A **estrutura** fragmentaria, a axilidade dos diálogos e os continuos cambios de personaxes imprimen un ritmo rápido, como se dunha danza se tratase. É unha especie de turbillón coa forza do sexo que a todos-as arrastra. Require unha seria, delicada e flexible dirección que permita aos actores-trices completar uns personaxes que tan só están esbozados.

Na fase de elaboración do espectáculo, dividimos os elementos deste; articulamos as relacións dos **siste-**

mas escénicos para que sexan lexibles; ordenamos os momentos claves, os cambios rítmicos e dramáticos e seleccionamos os materiais.

Baseamos a coherencia do proxecto na estrutura- ción en conxuntos amplos e claros. Tivemos como un dos **obxectivos** que os espectadores non tallen a representación, senón que empreguen longas capas espacio-temporais nas que o sentido forme un conxunto acorde.

Precisamos da **conciencia**, da vontade, da forza e da decisión para abordar proxectos destas características.

Neste intre o tempo galloupa entre a traxectoria e o porvir, xa que tamén soñamos cara adiante, cara ao mañá incerto, cara a *xalundes*. Non existe un hoxe sen pasado, non si? E en Sarabela, tivemos tempo de ir forxando un **proxecto** común; de investigar; de xogar; de experimentar...

Metáforas entre lusco e fusco, entre a luz solar e a luz lunar. Soñar coa luz da verdade, do coñecemento, máis aló da plástica do estilo. Afastándonos de dogmatismos e maniqueísmos; procurando atopar as verdades agochadas tras os misterios e os enigmas que bolen ao noso redor, temos que avanzar como os exploradores, co dereito a imaxinar un futuro bo, xusto e fermoso.

